



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 36013448 | Manuel Antonio | Vigo     | 2024/2025     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo      | Grao                               | Réxime                 |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|----------------------|------------------------------------|------------------------|
| SAN                           | Sanidade            | CD3SAN000100              | Audioloxía protésica | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                          | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0204       | Atención á persoa hipoacúsica | 2024/2025 | 3                | 78           | 78             |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                       |
|--------------------------------|-----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | LAURA PRADO FERNÁNDEZ |
| Outro profesorado              |                       |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de información e atención á persoa usuaria e ao seu contorno no proceso de adaptación protésica, ademais de participar nos equipos interprofesionais implicados na prevención, na asistencia e na rehabilitación da perda auditiva.

Estas funcións abranguen aspectos como:

- \*Recoñecemento das consecuencias da perda auditiva.
- \*Información da integración educativa e sociolaboral da poboación con perda auditiva.
- \*Participación nos equipos interprofesionais.
- \*Información ás persoas usuarias e ás súas familias do proceso de adaptación audioprotésica.
- \*Tramitación da documentación en audioloxía protésica
- \*Redacción de informes audioprotésicos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- \*Gabinetes audioprotésicos.
- \*Clínicas audiolóxicas.
- \*Servizos de otorrinolaringoloxía de hospital.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais j) e m) do ciclo formativo, e as competencias i), m), n) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- \*Descrición das características psicolóxicas e as consecuencias da perda auditiva.
- \*Descrición das opcións educativas e dos modelos de integración educativa e sociolaboral da poboación con perda auditiva.
- \*Coñecemento sobre os axentes sociais
- \*Traballo sobre barreiras comunicativas.
- \*Descrición dos equipos interdisciplinarios e do papel do persoal audioprotesista.
- \*Información ás persoas usuarias mediante técnicas de simulación ou psicodrama.
- \*Elaboración da documentación en audioloxía protésica
- \*Elaboración de informes audioprotésicos.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título                                                              | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|----------|
| 1    | Variables que inciden na xordeira                                   | Identificación das principais variables que inciden na xordeira                                                                                                                                                                                           | 6                  | 10       |
| 2    | Persoas xordas en idade infantil e adolescencia                     | Descrición das situacións sociolingüísticas das persoas xordas na infancia e adolescencia.                                                                                                                                                                | 13                 | 15       |
| 3    | Persoas xordas na idade adulta e na velez                           | Descrición das situacións sociolingüísticas das persoas xordas na idade adulta e na velez                                                                                                                                                                 | 10                 | 15       |
| 4    | O proceso de adaptación protésica                                   | Estudo das actitudes máis habituais ante a adaptación protésica.                                                                                                                                                                                          | 10                 | 15       |
| 5    | A comunicación coas persoas xordas e o seu entorno                  | Coñecemento das estratexias e recursos comunicativos e lingüísticos para que a comunicación coa persoa xorda sexa o máis efectiva posible.                                                                                                                | 24                 | 30       |
| 6    | Coordinación entre contextos profesionais. O informe audioprotésico | Identificación dos servizos e recursos profesionais máis importantes na atención a persoas con perda auditiva e as súas familias. Coñecemento do documento tipo para recoller ordeadamente o proceso de valoración realizado e a proposta de intervención | 15                 | 15       |

**4. Por cada unidade didáctica**

**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                      | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 1   | Variables que inciden na xordeira | 6        |

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                       | Completo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA1 - Detecta actitudes e estados emocionais na persoa con perda auditiva aplicando principios básicos de psicoloxía xeral. | NO       |

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                          |
|----------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Descríbense as actitudes e os estados emocionais ligados á perda auditiva. |



| Criterios de avaliación                                  |
|----------------------------------------------------------|
| CA1.1.1 Definíronse as variables que inciden na xordeira |

#### 4.1.e) Contidos

| Contidos                                                                                        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Consecuencias da perda auditiva: enfoque da diferenza.<br><br>Variables que inciden na xordeira |

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                                    | Duración |
|-----|-------------------------------------------------|----------|
| 2   | Persoas xordas en idade infantil e adolescencia | 13       |

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                       | Completo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA1 - Detecta actitudes e estados emocionais na persoa con perda auditiva aplicando principios básicos de psicoloxía xeral. | NO       |
| RA2 - Informa a comunidade educativa dos nenos e das nenas con perda auditiva, e describe modelos e pautas de actuación.    | SI       |

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación                                                                                                                                              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.2 Clasifícaronse e describíronse as características psicosociais, afectivas e de conduta máis habituais no cativo ou na cativa con hipoacusia, e na súa familia. |
| CA1.3 Describiuse o perfil das persoas en idade adolescente con deficiencia auditiva, e a súa relación co entorno.                                                   |
| CA2.1 Identifícaronse os problemas de aprendizaxe en cativos e cativas con perda auditiva.                                                                           |



| Criterios de avaliación                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.2 Definíronse as opcións comunicativas na educación para este sector da poboación, e describíronse os modelos para a súa integración educativa.                      |
| CA2.3 Describíronse as situacións sociolingüísticas dos nenos e das nenas con xordeira con pai e nai xordos, e as dos nenos e as nenas con xordeira de pai e nai oíntes. |
| CA2.4 Identificáronse plans de actuación para o aproveitamento dos restos auditivos e o desenvolvemento da lingua oral en cativos e cativas con xordeira.                |
| CA2.5 Describíronse as pautas de relación con profesionais con implicación na atención educativa.                                                                        |
| CA2.6 Demostrouse interese na colaboración co sistema educativo.                                                                                                         |

#### **4.2.e) Contidos**

| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Cativos e cativas con xordeira.</p> <p>A familia dos cativos e das cativas con xordeira.</p> <p>Adolescencia e perda auditiva.</p> <p>Problemas de aprendizaxe dos cativos e as cativas con xordeira.</p> <p>Situacións e necesidades cognitivas, socioafectivas e lingüísticas da poboación infantil con xordeira.</p> <p>Atención temperá: métodos de actuación.</p> <p>Opcións comunicativas na educación do neno ou nena con xordeira.</p> <p>Modelos educativos: modelos de integración educativa.</p> |

#### **4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                               | Duración |
|-----|--------------------------------------------|----------|
| 3   | Persoas xordas na idade adulta e na vellez | 10       |



**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                       | Completo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA1 - Detecta actitudes e estados emocionais na persoa con perda auditiva aplicando principios básicos de psicoloxía xeral. | NO       |

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación                                                                                             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.4 Descríbense as características das persoas adultas con perda auditiva, e a súa relación co entorno.           |
| CA1.5 Descríbiuse o perfil psicosocial e psicoafectivo das persoas de idade avanzada con perda auditiva.            |
| CA1.6 Seleccionáronse as actuacións de apoio psicolóxico e de atención á persoa con perda auditiva e á súa familia. |

**4.3.e) Contidos**

| Contidos                                            |
|-----------------------------------------------------|
| Persoas adultas con perda auditiva.                 |
| Persoas anciás con perda auditiva.                  |
| Programas de intervención familiar: apoio a familia |
| Elementos básicos de terapia cognitiva              |

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

| N.º | Título da UD                      | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 4   | O proceso de adaptación protésica | 10       |

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                        | Completo |
|------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA5 - Informa a persoa usuaria e descríbelle o plan de adaptación protésica. | SI       |



#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación                                                                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA5.1 Planificouse o proceso de atención á persoa usuaria                                                        |
| CA5.2 Identificáronse aspectos emocionais ante a adaptación dunha prótese auditiva.                              |
| CA5.3 Descríbíronse técnicas comunicativas no proceso de información.                                            |
| CA5.4 Aplicouse a técnica comunicativa en función das actitudes e dos estados emocionais detectados.             |
| CA5.5 Descríbiuse a secuencia do proceso de adaptación.                                                          |
| CA5.6 Definíronse as instrucións de uso e de mantemento da prótese ou da axuda técnica auditiva.                 |
| CA5.7 Elaborouse o plan de seguimento da persoa usuaria.                                                         |
| CA5.8 Demostrouse interese e preocupación por atender as necesidades das persoas usuarias e de quen as acompañe. |
| CA5.9 Demostrouse cortesía, respecto e discreción.                                                               |
| CA5.10 Identificáronse os factores que determinan a calidade na prestación do servizo, e avalíouse esta.         |

#### 4.4.e) Contidos

| Contidos                                             |
|------------------------------------------------------|
| Técnicas de comunicación e atención á persoa usuaria |
| Atención á persoa usuaria na prestación do servizo   |
| Plan de adaptación protésica e seguimento.           |
| Instrucións de uso e mantemento de próteses.         |
| Plan de calidade                                     |



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                                       | Duración |
|-----|----------------------------------------------------|----------|
| 5   | A comunicación coas persoas xordas e o seu entorno | 24       |

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                           | Completo |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA3 - Establece comunicación con pacientes con xordeira aplicando sistemas de comunicación complementarios ou alternativos á comunicación oral. | SI       |

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.1 Clasifícanse os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.       |
| CA3.2 Identifícanse os fundamentos e a metodoloxía de cada sistema.               |
| CA3.3 Descríbense aplicacións informáticas para a comunicación.                   |
| CA3.4 Identifícanse os sistemas de comunicación usados pola persoa usuaria.       |
| CA3.5 Utilizáronse os elementos básicos de cada sistema.                          |
| CA3.6 Demostrouse interese por brindarlle información accesible á persoa usuaria. |

#### 4.5.e) Contidos

| Contidos               |
|------------------------|
| Lectura labial.        |
| Dactiloloxía.          |
| Comunicación bimodal.  |
| Palabra complementada. |



| Contidos          |
|-------------------|
| Lingua de signos. |

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD                                                        | Duración |
|-----|---------------------------------------------------------------------|----------|
| 6   | Coordinación entre contextos profesionais. O informe audioprotésico | 15       |

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo                                                                                                    | Completo |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| RA4 - Intervén nos equipos interdisciplinares de prevención, asistencia e rehabilitación de perda auditiva, e recoñece as súas funcións. | SI       |
| RA6 - Elabora diferentes tipos de documentación utilizada en audioloxía protésica, manexando aplicacións informáticas de xestión.        | SI       |
| RA7 - Elabora informes audioprotésicos, para o que selecciona os datos técnicos e clínicos salientables.                                 | SI       |

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación                                                                                                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA4.1 Identifícaronse os niveis de prevención, asistencia e rehabilitación auditiva no sistema sanitario de Galicia, no ámbito público e privado       |
| CA4.2 Utilizouse a terminoloxía axeitada.                                                                                                              |
| CA4.3 Describiuse a clasificación da discapacidade auditiva.                                                                                           |
| CA4.4 Definíronse as áreas de intervención no programa de prevención, asistencia e rehabilitación do cativo ou da cativa, e da persoa en idade adulta. |
| CA4.5 Detalláronse os compoñentes dos equipos interprofesionais.                                                                                       |
| CA4.6 Identifícaronse as funcións de cada profesional nos programas de prevención, asistencia e rehabilitación.                                        |
| CA4.7 Descríbense as pautas de participación e colaboración cos equipos interprofesionais.                                                             |



| Criterios de avaliación                                                                                              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA4.8 Demostrouse cordialidade, amabilidade e actitude positiva, conciliadora e sensible.                            |
| CA6.1 Explicouse a estrutura e o contido da documentación clínica.                                                   |
| CA6.2 Descríronse os sistemas de arquivo para documentos e resultados das probas.                                    |
| CA6.3 Descríronse as aplicacións informáticas na xestión.                                                            |
| CA6.4 Manexáronse bases de datos de pacientes incorporando as citacións, probas, adaptacións protésicas e revisións. |
| CA6.5 Describiuse a lei orgánica de protección de datos.                                                             |
| CA6.6 Aplicáronse sistemas de codificación sanitaria aos datos contidos na documentación.                            |
| CA7.1 Definíronse as características dos informes audiolóxico-protésicos.                                            |
| CA7.2 Identificáronse os datos pertinentes.                                                                          |
| CA7.3 Utilizouse a terminoloxía técnico-sanitaria axeitada.                                                          |
| CA7.4 Redactouse o informe en función da avaliación da perda e dunha proposta audioprotésica.                        |
| CA7.5 Seleccionouse o formato de presentación dos datos.                                                             |
| CA7.6 Definíronse as canles de transmisión da información.                                                           |
| CA7.7 Informouse con claridade e dun xeito ordenado, estruturado e preciso.                                          |
| CA7.8 Seguiuse o protocolo que garanta o segredo profesional.                                                        |

#### **4.6.e) Contidos**

| Contidos                                                  |
|-----------------------------------------------------------|
| Prevención, rehabilitación, habilitación e discapacidade  |
| Saúde pública e saúde comunitaria do ámbito da audioloxía |



| Contidos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Sistema sanitario de Galicia no ámbito da audioloxía</p> <p>Equipos interprofesionais e axentes sociais.</p> <p>Áreas de intervención dos programas da prevención, asistencia e rehabilitación.</p> <p>Función do persoal audioprotesista dentro da prevención, a asistencia e a rehabilitación.</p> <p>Comunicación interprofesional.</p> <p>Documentación clínica e non clínica</p> <p>Procedementos de tramitación e circulación de documentos</p> <p>Aplicacións informáticas para a xestión da documentación.</p> <p>Procedementos de codificación de datos sanitarios.</p> <p>Lei orgánica de protección de datos</p> <p>Protocolos de informes audioprotésicos de persoas de idade adulta e de idade infantil.</p> <p>Fórmulas de valoración da perda auditiva</p> <p>Redacción de informes.</p> <p>Valoración da coherencia do informe.</p> <p>Segredo profesional.</p> |

## **5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Mínimos exixibles serán todos os criterios de avaliación indicados como mínimo exixible para cada Unidade Didáctica.

A avaliación será continua, valorando diferentes apartados e obtendo a media ponderada de todos os ítems valorados.

As distintas UD serán avaliadas do seguinte xeito:

\_UD1: Cuestionario (preguntas test e/ou preguntas curtas). Deberase obter como mínimo un 5 para superar a UD.

\_UD2, UD3, UD4: Proxectos de investigación grupais avaliados mediante listas de cotexo. Ademais do rigor científico que presente o documento (calidade, claridade, estrutura, conclusións, valoración, coherencia...),



así como da exposición do mesmo; poderá ser avaliado o grao de coñecemento que presenta a alumna/o sobre dito proxecto. Para elo, a lista de cotexo ou a táboa de observación poderá presentar cuestións concretas que a profesora cubrirá a través da pregunta oral. Cando a profesora considere que un determinado procedemento por parte dun alumno ou alumna é inadmisíble, aínda que non figure o ítem na TO ou LC, poderá asignar unha nota menor que 5. Cando fosen grupais, a nota será a mesma para todo o grupo. Deberase obter como mínimo un 5 para superar a UD.

\_UD5: Cuestionario (50%) e proxecto (50%). Deberase obter, como mínimo un 5 en cada parte para poder facer media coa PE e así superar a UD. De non ser así, pasará a ser recuperada en xuño, no prazo adxudicado polo centro para tal fin.

\_UD6: Cuestionario (preguntas test e/ou preguntas curtas) Deberase obter como mínimo un 5 para superar a UD.

A/s UD/s que non se supere/n será/n recuperada/s en xuño, no prazo adxudicado polo centro para tal fin.

As notas da 1ª e 2ª avaliación, resultarán de realizar a adaptación dos pesos das UD completadas en dita avaliación. Establecerase unha regra de 3:

Total peso das UD na avaliación ----- 100%

Peso dunha das UD ----- X%

No caso de que non se completase unha UD ao remate dunha avaliación, a cualificación de dita UD computará no seguinte trimestre.

Para calcular a nota global do módulo, realizarase a media das cualificacións obtidas nas 3 avaliacións, tendo en conta os pesos asignados a cada UD reflexados no apartado 3 da presente programación didáctica, e sempre e cando a nota acadada en cada trimestre supere o 5.

As cualificacións serán números enteiros. Estas redondearanse por defecto ata o 0,4 e por exceso a partir do 0,5 (se se obtén un 5,4 será redondeado a 5 e se se obtén un 5.5 será redondeado a 6).

Calquera intento de fraude durante a realización das probas, levará á expulsión do/a alumno/a e cualificación da proba cun 0.

Está prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

O alumnado que non se presente á realización das probas escritas na data e hora previstas, decaerá no seu dereito (agás enfermidade ou causa de forza maior non atribuíble a aquel), debendo asistir á proba de recuperación que, en ningún caso, e realizará con anterioridade á avaliación correspondente.



## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Aínda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de repaso consistentes en tarefas traballadas durante o curso, sobretudo a través da aula virtual.

No mes de xuño, realizarase actividades de recuperación de todos os ítems non superados, que consistirán en:

Proba de avaliación teórico-práctica, segundo as UD que teña pendentes.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba extraordinaria de avaliación final do módulo, consistirá en :

Unha proba escrita teórico-práctica que reunirá a maior parte dos contidos e das tarefas asociadas a cada Unidade Didáctica e ás súas actividades .

A proba consistirá en preguntas tipo test cunha soa resposta correcta, e preguntas curtas. Na cualificación da proba, as respostas ás preguntas tipo test mal contestadas valoraranse negativamente.

A duración da proba será de un máxima de 2 horas.

A cualificación estará entre 0-10 puntos e contará o 100 % do peso da cualificación.

Calquera detección de fraude na realización da proba levará á expulsión do alumno e cualificación de 0 puntos na proba.

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera outro medio de comunicación do alumnado co exterior.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será documentada por cada docente na aplicación informática da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente, nas que se fai constar que está realizado.

Ao remate do curso, realizarase Memoria final do módulo segundo o modelo establecido ( MD.75.PRO.04),na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

Ademais, realizarase a valoración final desta programación didáctica, que terá en conta os seguintes ítems para a súa avaliación:

- Ámbito productivo.
- Desenvolvemento
- Secuenciación/temporalización.
- Avaliación.
- Metodoloxía didáctica.
- Temas transversais.
- Sistema extraordinario de avaliación.
- Sistema de recuperación de unidades pendentes.
- Actividades complementarias á Formación.
- Sistema de avaliación para perda de avaliación continua.
- Sistema de información ao alumnado.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase una avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, así como a detección das posibles dificultades do alumnado.



Observarase ao alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de diversidade funcional, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado, que tras a avaliación inicial, se detecten necesidades de reforzo educativo, por non teren adquiridas as competencias dos estudos cursados con anterioridade, proporanse tarefas complementarias, que realizará fóra do horario do módulo, que serán supervisadas pola profesora, sempre e cando o alumnado así o requira. Entre elas:

1. Reforzar a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade.
2. Propor actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o/a alumno/a, aportando instrucións máis detalladas ou diversas.
3. Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que poidan brindar outros compañeiros/as.
4. Flexibilizar, na medida do posible, os tempos necesarios para a realización das probas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O sistema educativo garante a formación crítica do alumnado, ferramenta que lle facilita os mecanismos precisos para desenvolver a vida humana máis alá da capacidade técnica e competencias adquiridas ao longo do módulo profesional. É esencial que o alumnado adquira coñecementos transversais e habilidades sociais que permitan a súa autonomía.

No desenvolvemento do módulo, farase especial fincapé nas seguintes cuestións transversais:

- Igualdade de xénero e diversidade: Ademais das conmemoracións propias marcadas no calendario do CIFP Manuel Antonio, a igualdade e diversidade serán elementos vertebradores da práctica diaria, tanto por parte do alumnado, traballando desde o respecto mutuo e colaboración, como da profesora, poñendo en valor diferentes investigacións de mulleres científicas así como achegas científicas de persoas do colectivo LGTBIQ+.

- Educación para o medioambiente: A correcta xestión dos residuos xenerados na aula co fin de garantir a protección do medioambiente e a seguridade das persoas. Ademais, será imprescindible que todo o alumnado sexa responsable da orde e limpeza da aula e tome consciencia da necesidade dun uso efectivo dos recursos.

- Interdisciplinariedade: Os contidos do módulo de Atención á persoa hipoacústica, non deberían ser impartidos de forma illada, senón en relación con outros do mesmo título. Así, nas reunións de equipo docente,

poderase discutir sobre o reforzo nalgunha cuestión que afecte a outros módulos.

- Formación no uso das TIC e novas tecnoloxías: Terase en conta o plan TIC do centro mediante a participación do alumnado nas actividades do mesmo, incluíndo os vídeos realizados nos proxectos de LSE ou rolle playing, resultando un interesante recurso online para o futuro.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia a charlas, seminarios, congresos, xornadas... con temáticas relacionadas co sector sanitario e/ou co ciclo que xurdan ao longo do curso.

De forma xeral, serán programadas 2 ACF:

- "Introdución á comunidade xorda" impartida por unha intérprete de signos
- Curso básico de LSE impartida por unha intérprete de signos

## 10. Outros apartados

### 10.1) Observacións sobre a docencia e a avaliación no marco da crise COVID-19

A presente programación contempla como escenario posible dentro da crise sanitaria causada pola COVID-19, que tanto a docencia como a avaliación presenciais no centro educativo puidesen quedar limitadas ou, chegados ao extremo e seguindo as directrices oportunas das autoridades sanitarias, canceladas. Chegado o caso dun eventual confinamento que impida a presencialidade do alumnado, tanto a actividade docente como a avaliación continuarían de forma telemática, empregando os medios e as ferramentas dixitais oportunas. Os criterios de avaliación anteriormente detallados, serán igualmente válidos de producirse as devanditas circunstancias de confinamento.

De ser o caso de que a educación a distancia non permitira aplicar os instrumentos de avaliación establecidos inicialmente nesta programación, tamén se poderán facer modificacións nos instrumentos de avaliación dos diferentes CA que compoñen cada UD. Estas posibles modificacións poderían incluír a realización de probas orais ou escritas telemáticas, a través de aplicacións que permitan elaborar formularios sobre os contidos do módulo, establecendo límite de tempo e coa posibilidade de visualizar simultaneamente ao alumnado empregando aos programas informáticos e as ferramentas dixitais oportunas (p.ex., ferramentas de videoconferencia, etc.).

No caso de que a impartición da docencia tivese lugar en réxime de semipresencialidade, a docencia e a avaliación terán lugar nun espazo que cumpra cas medidas de protección sanitaria recollidas nos protocolos vixentes. Do mesmo xeito, o desenvolvemente de probas e/ou actividades prácticas estará condicionado polas recomendacións sanitarias vixentes nese momento e garantirá que se tomen as medidas de seguridade oportunas para evitar a transmisión e o contaxio da COVID-19.